

ESTATUTOS – FEDERACIÓN CORAL GALEGA
Capítulo Primeiro
CONSTITUCIÓN, ÁMBITO E FINS



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 1º.- Co nome de Federación Coral Galega, crease unha entidade sometida o reximen previsto na Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións aplicables, e que se rexirá polos presentes Estatutos.

Artigo 2º.- A duración da entidade será indefinida. A súa disolución terá lugar nos casos establecidos na Lei e nos presentes Estatutos.

Artigo 3º.- O ámbito territorial desta Federación exténdese principalmente a toda a Rexión Galega. A Asemblea Xeral decidirá a incorporación, fusión, federación ou calquer outra forma de asociación con outra u outras entidades de idéntica natureza, de ámbito distinto ou superior.

Artigo 4º.- O domicilio da Federación establecece en NARÓN (A CORUÑA), Rúa Camiño de Lodairo nº 12. A Asemblea Xeral terá atribucións para cambiar o domicilio social, dando conta do seu acordo o organismo encargado no Rexistro de asociacións.

Artigo 5º.- A Federación ten personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento do seu obxeto social.

Artigo 6º.- Establecense como fines sociais:

- A.- Promover a difusión e coñecemento da música coral.
- B.- Influir en estamentos oficiais e privados para que a música coral esté presente na programación habitual dos medios de difusión galegos coma parte constitutiva da cultura rexional.
- C.- Fomentar as relacións de colaboración coas institucións públicas, outras asociacións ou Entidades privadas.
- D.- Potenciar a formación musical dos cantores, xefes de corda e directores, para elevar o seu nivel.
- E.- Fomentar a pedagogía infantil da música coral cos medios que teñan o seu alcance. Coordinar na medida do posible, a actividade dos coros federados para lograr unha mais eficaz labor cultural e musical.
- F.- Servir de mediador en calquer conflito que poida surxir entre os coros adscritos.
- G.- Ser cauce de representación, participación e apoio de todos os coros federados ante todas as Instancias, organismos e entidades.
- H.- Establecer e facilitar servicios comúns a todos os coros federados.
- I.- Fomentar os vínculos de hermandade entre os coros federados e entre os seus membros.
- J.- Calquer outro que esté en concordancia cos anteriormente expresados.

Artigo 7º.- Os fins e facultades da Federación non comprenderán as cuestións que afecten especificamente o reximen interno de cada asociación-coro federado, que conservarán plena autonomía e independencia de xestión.

Artigo 8º.- Para a consecución dos seus fins a Federación realizará as seguintes actividades:

- A.- Organización e fomento de ciclos de concertos, cos medios propios da Federación, ou ben, en colaboración coas outras institucións. Estos concertos poderán ser realizados en calquer localidade de Galicia.
- B.- Creación dun arquivo musical (partituras, letras...).
- C.- Eventos dirixidos a grupos específicos (coros da 3ª idade, infantis...).



- D.- Informar sobre encontros musicais e intercambios nacionis e internacionais.
- E.- Edición de material formativo, folletos, revistas...
- F.- Dinamizar un espacio de encontro entre coros.
- G.- Todo tipo de actividades que contrbuan a formación musical, tales como cursos, seminarios e conferencias.

Artigo 9º.- A Federación Coral Galega non persigue fins lucrativos nin especulativos.

Capítulo Segundo OS SOCIOS, DIREITOS E OBRIGAS



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 10º.- Adquirirán o carácter de socios ordinarios todas as Asociacións, legalmente constituídas, que sexan coros constituídos como asociación, ou que teñan entre as súas actividades un coro en activo; e que voluntariamente ou soliciten e sexan admitidas pola Xunta Directiva. A adscripción dos novos socios levarase a cabo mediante unha solicitude por escrito, cuxa firma supondrá a aceptación dos Estatutos e dos distintos regulamentos e normas de aplicación e desenvolvemento dos mesmos actualmente en vigor, así como as cargas económicas establecidas. Contra a denegación da alta feita pola Xunta Directiva, a asociación solicitante poderá recurrir ante a Asemblea Xeral.

Artigo 11º.- Todas as Asociacións membros da Federación terán igualdade de dereitos e obrigas.

Artigo 12º.- Son dereitos dos socios:

- A.- Participar na elección dos cargos electivos.
- B.- Exercer a representación que, en cada caso, se lle confira.
- C.- Informar e ser informados das actuacións e funcionamento da Federación e das cuestións que lles afecten.
- D.- Intervir e ser informado das actuacións e funcionamento da Federación e das cuestións que lles afecten.
- E.- Expresar libremente as súas opinións en materia e asuntos de interese da Federación e formular propostas e peticións a Xunta Directiva.
- F.- Utilizar os servizos, instalacións ou dependencias propias da Federación.
- G.- Asistir as reunións da Asemblea Xeral e daqueles outros organismos da Federación que teñan dereito e a exercer en todo caso o seu dereito de voto libre.
- H.- Exercitar as accións e recursos a que teña lugar en defensa dos seus dereitos de membro da Federación e que teñan o seu orixe en dita condición de federados, e instar a Federación a que interpoñá as accións e recursos oportunos.
No exercicio destes dereitos, os membros da Federación veñen obrigados a atermos estritamente a legalidade, sendo nula calquera exclusión ou discriminación en perxuízo ou menoscabo de ditos dereitos.
- I.- Asistir a cursos de formación que programe a Federación Coral.
- J.- Calquera outros que resulten da aplicación destes Estatutos, regulamentos de reximen interior, acordos validamente adoptados e demais disposicións legais.

Artigo 13º.- Son deberes dos socios:

- A.- Acatar e cumprir as normas dos presentes Estatutos e demais normas de reximen interior que no seu día se dicten, así como os acordos que se adopten con arreglo os mesmos.
- B.- Respetar a libre manifestación de opinións dos demais membros e non entorpecer directa ou indirectamente as actividades da Federación.
- C.- Asistir as reunións e asembleas as que sexan convocados e emitir o seu voto nas mesmas.

- D.- Participar na elección dos órganos de goberno e aceptar o desempeño das tarefas que se lles encarguen.
- E.- Satisfacer as cuotas ordinarias e extraordinarias que se establezan para o sostemento e actuación da Federación.
- F.- Observar estrictamente as normas de convivencia, compañerismo e armonía entre os membros da Federación.
- G.- Calquer outros que resulten da aplicación destes Estatutos, regulamentos de reximen interior, acordos validamente adoptados e demais disposicións legais.

Artigo 14º.- A condición de membro da Federación pérdese:



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

- A.- Por separación voluntaria.
- B.- Por disolución da asociación, ou por disolución do coro, cando este forme parte das actividades dunha asociación.
- C.- Por actividade contraria os Estatutos ou que poida afectar negativamente os intereses da Federación e ás dos seus membros.
- D.- Por tentativa de valerse da súa situación dentro da Federación para cumprir consignas de Entidades alleas a música.
- E.- Por incumprimento con perxucio grave para a Federación ou dos seus membros, dos acordos adoptados polos órganos de goberno dentro das súas respectivas competencias.
- F.- Por falta de pago de unha cuota anual. No caso de cuota impagada, a Federación enviará carta certificada con acuse de recibo, comunicando a situación anómala do coro, quen tería 30 días de prazo para subsanar o pago pendente.

Artigo 15º.- Con excepción da baixa voluntaria, que somentes require a notificación por escrito do interesado, e da disolución do coro que produce a baixa automática na Federación, nos demais casos será precisa a formación de expediente, coa audiencia a Xunta Directiva do coro interesado, acordando a Xunta Directiva da Federación o que proceda, e contra cúa resolución poderase recurrir ante a Asemblea Xeral.

Capítulo Terceiro DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 16º.- O goberno da Federación estará a cargo da Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente. A Federación para o mellor cumprimento dos seus fins poderá constituir Comisións, Xurados ou calquer outro grupo de traballo que considere necesario. A súa creación é competencia da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.

Sección Primeira. A Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno da Federación e os seus acordos, validamente adoptados, obrigan a todos os membros, incluídos os ausentes. Está composta por dous representantes de cada coro federado, con dereito a voz, pero cada coro só terá dereito a un voto. A representación oficial radicarán no Presidente que poderá asistir acompañado por calquer outra persoa. No caso de non poder asistir o Presidente, o seu substituto deberá levar a delegación da súa representación. Ambos asistentes deberán ser portadores de unha credencial facilitada pola Coral a que pertencen.

Artigo 18º.- A Axembla Xeral correspondenlle as atribucións seguintes:

- A.- Sinalar as directrices xerais da actuación da Federación en orden o cumprimento dos seus fins.
- B.- A aprobación ou rectificación dos acordos dos outros órganos de goberno.





- C.- A modificación dos Estatutos e acordar a disolución.
- D.- Decidir sobre calquer tipo de asociación con outras entidades da mesma natureza.
- E.- Acordar as cuotas ordinarias e extraordinarias que deberán de satisfacer os socios.
- F.- Aprobar os presupostos para o seguinte exercicio anual, e a liquidación de contas do exercicio anterior.
- G.- Acordar os gastos que deben atenderse con cuotas extraordinarias.
- H.- Aprobar o inventario de bens mobles e inmobles, realizado polo Tesoreiro/a con expresión da valoración detallada dos mesmos.
- I.- Elexir o Presidente e ratificar a Xunta Directiva designada por éste.
- J.- Acordar, por motivos xustificadas e previa audiencia do interesado, a sanción de separación temporal da Federación dos cantores e dos coros que incumplan as suas normas de convivencia.
- K.- Decidir todos os asuntos que non estean atribuídos especificamente a outros órganos de goberno, así coma os que pola súa importancia poida someter o seu coñecemento e aprobación da Xunta ou do Presidente da Federación.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral reunirse, como mínimo, unha vez o ano, con carácter ordinario dentro dos 6 primeiros meses do ano, e con carácter extraordinario cando así o soliciten por escrito ó 25% dos seus membros ou a iniciativa da Xunta Directiva ou do Presidente/a, e sempre que se trate da elección de membros da Xunta Directiva, modificación de Estatutos e disolución da Federación.

Artigo 20º.- A Asemblea Xeral non poderá entender de mais asuntos que os que se expresen no correspondente Orde do Día, que necesariamente se acompañará da convocatoria da mesma, con excepción daqueles que previamente sexan declarados de urxencia pola propia Asemblea Xeral, a proposta de calquera dos seus membros.

Todo os acordos tomárense por maioría simple de votos dos coros presentes ou representados, salvo no caso de disolución da Federación para cuio acordo requirírase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes e que deberán de supor mais do cincuenta por cento dos socios da Federación.

A Asemblea quedará constituída en primeira convocatoria calquera que sexa o número de asistentes.

Artigo 21º.- Os coros federados poderán estar representados na Asemblea Xeral por outro federado cando ningún dos seus dous representantes poida asistir, acreditando tal representación por escrito dirixido o Presidente/a. Ningún coro poderá ostentar mais de dous representacións ademais da propia.

Artigo 22º.- A convocatoria para celebrar a Asemblea Xeral efectuarase por escrito, adxuntando o correspondente Orde Do Día e sinalando a data, lugar e hora da reunión, tanto en primeira como en segunda convocatoria.

As Asembleas Ordinarias e Extraordinarias convocarase con 20 días de antelación a celebración das mesmas.

No caso de urxencia do tema ou temas a tratar, as Extraordinarias poderan convocarse para a súa celebración de inmediato.

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral nas súas deliberacións axustarase a Orde do Día. As deliberacións serán iniciadas polo Presidente/a, quen conducirá e dirixirá os debates, concedendo para as intervencións o tempo que considere oportuno e os turnos en pro e en contra que xuzgue convinte, ata por a votación o tema debatido.

Artigo 24º.- Os asuntos tratados e aprobados na Asemblea reflexarase nun libro de Actas, coa firma do Secretario/a e o visto bo do Presidente/a.



Artigo 25º.- A Xunta Directiva estará composta por un Presidente/a e alo menos, catro membros, podendo elixir varios vogales mais, en función do desenrolo das actividades previstas. Todoos representantes das asociacións socias, elixidos por él e ratificados pola Asemblea Xeral. Neste momento da elección o Presidente/a deberá presentar ós membros restantes da Xunta Directiva.

Calquer coralista dunha coral federada poderá presentarse a Presidente/a da Federación Coral Galega, FE.CO.GA.

A presentación de candidatos poderá facerse ata o mesmo momento do comenzo da Asemblea, aínda que se recomenda o fagan coa antelación suficiente para poder comunicalo a todas as asociacións.

Os candidatos que opten a presidencia, no momento de proceder a elección deberán expoñer o seu plan de traballo, que cubrirá como mínimo o primeiro ano.

Caso de non existir candidato algún no momento da elección, poderá presentarse calquer coralista federado presente na Asemblea Xeral, (neste suposto, si o candidato resultase elixido Presidente/a, terá un prazo máximo de 30 días para presentar os membros que compondrán a súa Xunta Directiva). Si tampouco existise candidato algún, nese momento, darase un descanso de 15 minutos a Asemblea e a continuación procederase a formar unha comisión xestora que rexirá a Federación por un tempo non superior a 3 meses.

Artigo 26º.- O Presidente/a designará entre os seus membros os cargos correspondentes: Vicepresidente/a, Secretario/a, Vicesecretario/a, Tesoreiro/a e Vogales (si houbera).

Todoos membros da Xunta Directiva, cesarán automaticamente por finalización do mandato, e cando cese o Presidente/a, dado que él propuxo os demais membros da Xunta Directiva. Tódolos membros da Xunta Directiva serán elixidos por un período de 4 anos podendo ser reeleixidos. Será potestade do Presidente/a cesar e substituir a calquer membro da Xunta Directiva, notificando a súa decisión os demais membros da Xunta Directiva. Posteriormente comunicáraselle a todoos socios na primeira Asemblea Xeral a celebrar.

Artigo 27º.- A Xunta Directiva reunirse cando o solicite o Presidente/a ou o cincuenta por cento (50%) da Xunta Directiva.

Artigo 28º.- A Xunta Directiva terá as seguintes competencias:

- A.- Dirixir e realizar as actividades necesarias para o cumprimento por parte da Federación dos seus fins estatutarios.
- B.- Propoñer á Asemblea Xeral os programas de actuación que deban realizarse e executr os aprobados, dando conta do seu cumprimento.
- C.- Redactar e aprobar a Memoria de Actividades que será elevada á Axembla Xeral.
- D.- Formar o proxecto de presuposto anual e a conta anual de gastos para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- E.- Aprobar os gastos que se consignaran especialmente no presuposto.
- F.- Propoñer á Asemblea Xeral as cuotas ordinarias e extraordinarias.
- G.- Adoptar acordos referentes a adquisición de bens e a disposición dos mesmos con arreglo os fins estatutarios.
- H.- Acordar que o Presidente/a convoque sesión extraordinaria da Asemblea Xeral para resolver sobre determinados asuntos.
- I.- Interpretar e executar os presentes Estatutos.
- J.- En casos de urxencia, adoptar acordos sobre materia reservada á Asemblea Xeral, dando conta dos mesmos na primeira sesión que ésta celebre.
- K.- As que poidan ser delegadas pola Axembla Xeral.
- L.- A creación de Delegacións. Cada Delegación estará representada por un ou mais Delega-



dos, elexidos polo Presidente/a da Federación.

M.- A fixación do comicio da Federación.

N.- A constitución de ponencias, grupos de estudo, asesorías ou calquer outro grupo de traballo, dando conta delo á Asemblea Xeral.

Artigo 29.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída se asistira en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros e calquera que sexa o número de asistentes en segunda convocatoria, co intervalo de al menos media hora con respecto a hora da primeira convocatoria; os seus acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes.

Artigo 30º.- Cando pola indole dos asuntos a tratar se xuzgara convinte, poderán asistir as reunións da Xunta Directiva persoas que poidan informar, polos seus coñecementos especiais dos asuntos a tratar, e que poderán tomar parte nos debates con voz pero sin voto.

Sección Terceira. O Presidente/a.



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 31º.- Corresponde o Presidente/a a representación oficial, social e xurídica da Federación ante todas as entidades, organismos e persoas públicas e privadas de calquer orde e natureza. Velará polo normal funcionamento da Federación, presidirá todos os seus órganos, dirixindo as deliberacións. Expedirá, ademais, os libramentos en caso de inversión dos fondos da Federación e ordenará os cobros e pagos que deban ser efectuados.

Artigo 32º.- O seu mandato o igual que o dos demais membros da Xunta Directiva será de catro anos.

Artigo 33º.- Terá ademais, as seguintes atribucións:

- A.- Convocar e presidir á Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, dirimindo con voto de calidade os empates en segunda votación.
- B.- Representar á Federación en calquer tipo de actos ou contratos e outorgar poderes, dando conta a Xunta Directiva.
- C.- Executar os acordos sociais.
- D.- Ordenar os pagos por conta dos fondos da Federación e dando conta na primeira reunión que teña a Xunta Directiva.
- E.- Resolver por sí toda cuestión urxente que demanden os intereses da Federación, dando conta posteriormente a Xunta Directiva.
- F.- Cumprir e facer cumprir estes Estatutos e todas as demais disposicións emanadas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- G.- Dispoñer que de todos os acordos sociais se reflexe debida constancia polo Secretario/a na Acta da reunión, así como dun resumo das opinións emitidas cando non resultare unanimidade de criterios ou o pediran os interesados.
- H.- O Presidente/a propondrá a Xunta Directiva ás persoas que estime necesarias para a formación de Equipos de Traballo, Equipo Técnico, Arquivo de Partituras, Discos, Cintas, Arquivo Musical, non sendo necesario o que sexan membros de ningún Coro Federado, pero sí que estén vinculadas o mundo musical.

A Xunta Directiva dará a súa aprobación as mesmas e no caso de discrepancia, someterase a votación que deberá ser gañada por maioría simple, desfacendo os empates o Presidente/a co seu voto de calidade.

Artigo 34º.- O Vicepresidente/a, que será elexido polo Presidente/a, substituirá o Presidente/a nos casos de ausencia, enfermidade ou incompatibilidade, e asumirá as súas funcións en caso de vacante ata que se convoquen eleccións para designar o novo Presidente/a.

Tamén será función do Vicepresidente/a a coordinación das Delegacións que se creen na Federación reuníndose cos Delegados as veces que sexa necesario.

Artigo 35º.- O Secretario/a da Federación será elixido polo Presidente/a dentre os seus membros, e será tamén de todos os seus órganos, comisións ou grupos de traballo.

Artigo 36º.- O Secretario/a terá as seguintes funcións:



**REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS**

- A.- Levar o Rexistro de Asociados.
- B.- Levar os libros de Actas das Asembleas Xeral e Xunta Directiva.
- C.- Redactar as Actas de cada reunión dos órganos de goberno da Federación, que unha vez aprobadas, firmará co visto e bo do Presidente/a e os membros da Xunta Directiva asistentes á reunión.
- D.- Librar co visto e bo do Presidente/a, certificacións referidas aos Libros de Actas e demais Documentos dos bens patrimoniales.
- E.- Redactar a Memoria Anual.
- F.- Levar a correspondencia co visto e bo do Presidente/a.
- G.- E, en xeral, terá o seu cargo todas as dilixencias propias da Federación.

Artigo 37º.- O Vicesecretario/a será elixido polo Presidente/a e substituirá o Secretario/a nos casos de ausencia, enfermidade ou incompatibilidade.

Artigo 38º.- O Tesoureiro/a será elixido polo Presidente/a e terá os seguintes cometidos:

- A.- Efectuar a recadación de cuotas ou fondos de calquer procedencia.
- B.- Realizar os pagos ordenados polo Presidente/a.
- C.- Levar os Libros de Contabilidade, e facer anotacións para coñecer en todo momento a situación económica da Federación.
- D.- Redactar o estado de contas anuais para que a Xunta Directiva o leve a aprobación da Asemblea Xeral.
- E.- Confeccionar o Inventario de bens de toda clase e o proxecto de presuposto anual de ingresos e gastos.
- F.- Levar o Libro de Inventario e demais documentos dos bens patrimoniales.

Capítulo Cuarto DO REXIMEN ECONÓMICO

Artigo 39º.- A vida económica da Federación suxetarase o reximen presupuestario.

Os presupostos serán anuais e redactaranse conforme as normas que se establezan nos presentes Estatutos. O seu Patrimonio Fundacional ascende a CENTO CINCOENTA EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS, e o seu presuposto fixarase anualmente por cada Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

O Patrimonio da Federación será o que resulte en cada momento dos seus estados contables. A data de peche do exercicio asociativo da Federación será o 31 de Decembro.

Artigo 40º.- Os presupostos serán redactados polo Tesoureiro/a e aprobados pola Xunta Directiva, que deberá eleválos á Asemblea Xeral para a súa aprobación definitiva. Con vinte días de anticipación a celebración da Asemblea Xeral, os presupostos deberán estar en poder dos asociados, para o estudo previo a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.

Artigo 41º.- Os presupostos constarán das seguintes partes:

A.- Ingresos constituidos por:

- Cuotas ordinarias e extraordinarias dos socios.
- Dereitos, taxas e exaccións que lle poidan ser recoñecidas legalmente.
- Productos e rentas dos seus bens, intereses das suas contas correntes bancarias, e demais beneficios.
- Donacións ou aportacións voluntarias dos seus socios ou persoas alleas, tanto físicas coma xurídicas.
- Calquer outro recurso obtido de conformidade coas disposicións legais e os preceptos estatutarios.

B.- Gastos constituidos por:

- Gastos de administración.
- Gastos de actividades.
- Aportacións.
- Calquer outro relacionado coa actividade, de conformidade coas disposicións legais e os preceptos estatutarios.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 42°.- Os fondos destinaranse exclusivamente o cumprimento dos fins previamente sinalados no presuposto e en estos Estatutos.

Artigo 43°.- As modificacións dos presupostos aprobados, ben por aumento de dotacións, ben por cambio de destino das mesmas, notificárase os socios na seguinte Asemblea Xeral.

Artigo 44°.- A ordenación de gastos corresponderá a Xunta Directiva ou o Presidente/a. O Presidente/a será o ordenador de pagos e estes serán sempre posteriores os gastos respectivos. A realización de cobros e pagos corresponderá o Tesoureiro/a.

Artigo 45°.- A Federación contará con contas bancarias coa súa denominación propia, contra as cales xirarán conxuntamente as firmas do Presidente, do Vicepresidente e do Tesoureiro, bastando dúas firmas para o movemento de fondos.

Artigo 46°.- O final de cada exercicio redactaranse as contas xeraes, cúa aprobación corresponde a Asemblea Xeral.

Artigo 47°.- Todolos coros federados participarán nos gastos da Federación mediante o pago da cuota que reglamentariamente acorde a Asemblea Xeral, como cuota fixa para cada exercicio a proposta da Xunta Directiva. Ademais, cando a Asemblea Xeral o acorde, poderanse establecer cuotas extraordinarias, que terán o mesmo carácter que as cuotas ordinarias a efectos de impago.

Artigo 48°.- Todolos cargos da Federación serán gratuitos, pero os seus titulares poderán solicitar o reintegro dos gastos que se orixinen no desenrolo da súa misión en concepto de gastos de viaxes e representación.

DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 49°.- A interpretación destes Estatutos coresponde a Xunta Directiva.

Artigo 50°.- A modificación destes Estatutos será competencia exclusiva da Xunta Directiva que os someterá á aprobación en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a este efecto.

Coa convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria, as corais federadas terán un prazo máximo de quince (15) días para presentar as modificacións que estimen oportunas.

Para a súa aprobación en Asemblea precisaranse os votos de, al menos, as dúas terceiras (2/3) partes dos asistentes e votos delegados.



Artigo 51º.- A Federación poderá dispoñer de regulamentos e normas que apliquen e desenrolen os preceptos destes Estatutos para o seu funcionamento e reximen interior.

Os citados regulamentos deberán conter as disposicións de carácter específico que non estando previstas nestos Estatutos sexan compatibles co su espírito e fines, e non vulneren as demais disposicións aplicables.

Os regulamentos e normas de reximen interno deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral.

Artigo 52º.- A Federación somentes se poderá disolver voluntariamente por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria adoptado polas 2/3 partes do número total de socios con dereito a voto.

Artigo 53º.- Todos os prazos sinalizados nos presentes Estatutos ou nos regulamentos, normas ou acordos distados para a súa aplicación e desenrolo computaranse por días naturais, salvo indicación expresa en contra.

No caso de disolución, constituirase unha Comisión Liquidadora que procederá o cumprimento de todas as obrigacións pendentes, destinándose o remanente, si houbera, a unha Fundación ou Entidade, radicada en Galicia, determinada na última Asemblea Xeral, cuia actividade sexa prioritariamente musical.

Dilixencia:

Dona María Inés Pereira Fernández, na súa calidade de Secretaria da Federación Coral Galega, fai constar que os presentes Estatutos, modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada o 28 de Xunio de 2.009, son para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación.

A Secretaria da Federación



Fdo. M^a Inés Pereira Fernández

**Vº Bº
Presidente**



Fdo: Antonio S. Rey Cornide



**REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS**

**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA
MODIFICACION DE ESTATUTOS**

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación: 205.153/2

Santiago de Compostela

25 SET. 2009

A SECRETARIA XERAL

Beatriz Cuiña Barja

